

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 1 DE XULLO DE 2021, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

#### **DECRETOS**

##### **CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello da Baña da franxa de dominio público viario (DPV) da AC-546, puntos quilométricos 6+310 ao 6+460, marxe dereita.

##### **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE**

- Decreto polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do Sistema universitario de Galicia para o curso académico 2021/22.
- Decreto polo que se aproba a creación da Facultade de Turismo da Universidade da Coruña.
- Decreto polo que se transforman institutos de educación secundaria en centros integrados de formación profesional e se trasladan ensinanzas.

#### **ACORDOS**

##### **VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación e o Consello Superior de Investigacións Científicas, M.P. (CSIC) para fomentar a actividade investigadora do persoal investigador beneficiario nas convocatorias de axudas do programa do Consello Europeo de

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Investigación (ERC) no marco do H2020, por importe de trescentos vinte mil euros (320.000 €).

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a Universidade de Santiago de Compostela e o Consello Superior de Investigacións Científicas, M.P. (CSIC) para fomentar a actividade investigadora do persoal investigador finalista nas convocatorias de axudas do programa do Consello Europeo de Investigación (ERC) no marco do H2020, por importe de douscentos mil euros (200.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscrición e se exixe da presentación de garantías para os pagamentos anticipados e á conta, no convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación e a Asociación de Centros Tecnolóxicos de Galicia (ATIGA) para a colaboración no fomento da transferencia e internacionalización da I+D+i dos centros tecnolóxicos de Galicia, por importe de trescentos cincuenta e catro mil cincocentos euros (354.500€).

## CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Campo Lameiro para o saneamento no núcleo de Reboredo, concello de Campo Lameiro (Pontevedra), susceptible de financiamento pola Unión Europea no marco do Eixo REACT UE do Programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á pandemia da COVID-19, por importe de catrocentos mil euros (400.000,00€).

## CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Concello de Ames para a xestión do servizo de comedor escolar en sete centros educativos situados no concello, polo importe máximo de douscentos setenta e cinco mil novecentos euros (275.900,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Concello de Betanzos para a xestión do servizo de comedor escolar nun centro educativo situado no concello,

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

polo importe máximo de cento cinco mil catrocentos sesenta e cinco euros (105.465 €).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Concello de Cangas para a xestión do servizo de comedor escolar en catro centros educativos situados no concello, polo importe máximo de noventa e seis mil cento vinte euros (96.120 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Concello de Ferrol para a xestión do servizo de comedor escolar en dez centros educativos situados no concello, polo importe máximo de cento trinta e oito mil oitocentos corenta euros (138.840 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Concello de Gondomar para a xestión do servizo de comedor escolar en catro centros educativos situados no concello, polo importe máximo de sesenta e tres mil cincocentos corenta e seis euros (63.546 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Concello de Lugo para a xestión do servizo de comedor escolar en nove centros educativos situados no concello, polo importe máximo de cento trinta e un mil setecentos vinte euros (131.720 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Concello de Meaño para a xestión do servizo de comedor escolar nun centro educativo situado no concello, polo importe máximo de trinta e nove mil cento sesenta euros (39.160 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Concello de Mugar dos para a xestión do servizo de comedor escolar en dous centros educativos situados no concello, polo importe máximo de cincuenta e oito mil trescentos oitenta e catro euros (58.384 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Universidade e o Concello de Muíños para a

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

xestión do servizo de comedor escolar nun centro educativo situado no concello, polo importe máximo de dezasete mil oitocentos euros (17.800 €).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Concello de Sada para a xestión do servizo de comedor escolar en dous centros educativos situados no concello, polo importe máximo de oitenta e nove mil euros (89.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Concello de Santiago de Compostela para a xestión do servizo de comedor escolar en nove centros educativos situados no concello, polo importe máximo de cento noventa e tres mil catrocentos oitenta e seis euros (193.486 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Concello de Sarria para a xestión do servizo de comedor escolar nun centro educativo situado no concello, polo importe máximo de trinta e oito mil catrocentos corenta e oito euros (38.448 €).

## CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual e a concesión de anticipos do 80 %, da contía da subvención concedida para o período comprendido entre setembro e novembro de 2021, na Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para programas de deseño e implementación de itinerarios personalizados e accións específicas que favorezan a inserción sociolaboral de mulleres en situación de violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para os anos 2021 e 2022, no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Emprego e Igualdade para establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e para adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual ao abeiro do artigo 58.1.b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

financeiro e orzamentario de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2021. Importe total: dez millóns oitenta mil euros (10.080.000 €).

### CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e o Consorcio para o Desenvolvemento de Aplicacións para a Xestión Universitaria, para a posta en marcha en 2021 dun programa integral de formación e mentoring destinado ás persoas mozas inscritas e beneficiarias do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, Programa operativo de emprego xuvenil. Importe: catrocentos cincuenta mil euros (450.000 €).

### CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e Xenética Fontao para o desenvolvemento do proxecto de innovación (Acción de cooperación, AC2021 C-09) "Recuperación das características de aptitude maternal das vacas de raza rubia galega", financiado a través da medida 16 "Cooperación", submedida 16.2 "Apoio para proxectos piloto e para o desenvolvemento de novos produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías" do Plan de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014- 2020, por importe de vinte e oito mil cincuenta euros (28.050 €).

## INFORMES

### VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Informe sobre a execución dos traballos de retirada e destrución de niños de vespa velutina incluídos no Programa galego de vixilancia e control fronte á vespa asiática (vespa velutina).
- Informe sobre as actuacións de conservación integral dos Camiños de Santiago na Comunidade Autónoma de Galicia.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN**

- Informe sobre a convocatoria de axudas para proxectos de fotovoltáica destinados a empresas, entidades sen ánimo de lucro e administracións públicas locais.
- Informe sobre a programación de fondos do Plan Nacional de Recuperación, Transformación e Resiliencia e a súa asignación a Galicia.

### **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

- Informe sobre a modificación do plan sectorial de ordenación de áreas empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Informe sobre a convocatoria de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal.

### **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACION E UNIVERSIDADE**

- Informe sobre prezos públicos correspondentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial para o curso 2021/22.
- Informe de actividade do Consello de Avaliación Documental de Galicia.

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre o Plan de igualdade entre homes e mulleres no Servizo Galego de Saúde.

### **CONSELLERÍA MEDIO RURAL**

- Informe sobre a aplicación informática para a xestión económica no sector lácteo ("Conta Láctea").

### **CONSELLERÍA DO MAR**

- Informe sobre os proxectos aprobados na convocatoria de axudas para proxectos colectivos ao abeiro da Orde do 11 de xaneiro de 2021 pola que se establecen as

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

bases reguladoras xerais e a convocatoria para o ano 2021 para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de axudas a proxectos colectivos financiados polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca para a protección e recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades pesqueiras sustentables mediante a recollida de residuos mariños, tramitadas como expediente anticipado de gasto.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DA BAÑA DUNHA PARCELA PÚBLICA NA AC-546 PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA ÁREA DE SERVIZO DE AUTOCARAVANAS

- Trátase de mellorar a seguridade viaria e a imaxe desta vía, que coincide co percorrido do denominado “Final do Camiño”, no treito de Compostela a Fisterra
- Transfírense a franxa de dominio público entre a actual estrada AC-546, no seu punto quilométrico 6+310 da marxe dereita, e o antigo trazado deste viario que xa foi cedido anteriormente ao Concello, nas proximidades dos núcleos do Couto Carballo e de Busto
- A entidade local terá competencia para actuar neste tramo e asumirá a responsabilidade da súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Baña dunha franxa de dominio público viario da estrada autonómica AC-546, ao seu paso polo municipio coruñés para a construción dunha área de servizo de autocaravanas.

O Concello solicitou ao departamento de Infraestruturas da Xunta a cesión da parcela existente entre a actual estrada autonómica AC-546 no seu punto quilométrico 6+310 da marxe dereita e o antigo trazado deste viario, situada nas proximidades dos núcleos do Couto Carballo e de Busto. A entidade local basea a súa solicitude no seu interese en construír unha área de servizo para autocaravanas, xa que se atopa no percorrido coñecido como “Final do Camiño”, referente ao Camiño de Santiago, e correspondente ao treito de Compostela a Fisterra.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, de acordo cos informes emitidos polos servizos da Axencia Galega de Infraestruturas, formula a proposta favorable de transferencia da citada franxa da estrada, entre os puntos quilométricos 6+310 ao 6+460. A dita parcela conta con accesos de entrada e saída á AC-546 xa feitos e a construción dunha área de servizo para autocaravanas melloraría a seguridade viaria e a imaxe do viario sen afectar o seu tráfico.

A autorización do cambio de titularidade implica, tamén, o compromiso da entidade local de destinar estes terreos á citada área de servizo de autocaravanas como

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS


elemento funcional e á incorporación como dominio público viario asociado ao treito antigo da AC-546, xa transferido anteriormente ao Concello.

Esta transferencia a prol do Concello da Baña tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo Consello da Xunta o Concello da Baña terá a competencia para actuar nestes treitos e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Nas seguintes imaxes amósanse os tramos obxecto de transferencia:



## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
comunicacion@xunta.gal  
www.xunta.gal

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA CONXELA POR DÉCIMO PRIMEIRO ANO CONSECUTIVO OS PREZOS DAS MATRÍCULAS UNIVERSITARIAS, O QUE SUPORÁ UN AFORRO DE PRETO DE 19M€ PARA AS FAMILIAS GALEGAS**

- Galicia continuará sendo a comunidade co prezo medio de matrículas de grao e máster máis barato do Estado, segundo o decreto de prezos públicos para o curso 2021/22 que hoxe aprobou o Consello da Xunta
- O vindeiro curso un estudante galego desembolsará a mesma contía que hai 11 anos para cursar estudos nalgunha das tres universidades públicas galegas
- Os prezos medios de todas as matrículas sitúanse en 11,89 €/crédito, exactamente igual que ata o de agora

Os prezos das matrículas universitarias nas tres universidades públicas galegas vanse manter conxelados para o vindeiro curso 2021/22, polo que un estudante vai seguir desembolsando a mesma contía que 11 anos atrás por cursar os seus estudos de grao ou máster en Galicia, o que supón un aforro medio de preto de 19M€ anuais para as familias galegas.

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace ao decreto polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos no Sistema Universitario de Galicia para o curso académico 2021/22. Así pois, as taxas universitarias mantéñense invariables con respecto ao presente curso, cun prezo medio de 11,89 €/crédito para todas as primeiras matrículas de grao e de máster non habilitantes (enfocados á especialización de coñecemento ou á investigación científica) e habilitantes (necesarios para exercer unha profesión).

Deste xeito, Galicia é a única comunidade autónoma no que un estudante universitario vai seguir pagando pola súa matrícula exactamente o mesmo que hai 11 anos; e sitúase, de novo, entre as comunidades autónomas coas taxas máis baratas do Estado para cursar estudos de grao e máster universitario.

Esta medida supón aforro de preto de 19 millóns de euros en matrículas para as familias galegas con estudantes universitarios, que se reparten en contías que van de entre os 266,40 €/curso para un estudante de grao, os 618,60 €/curso para un estudante dun máster habilitante e os 1.094,40 €/curso no resto de máster universitarios.

Ademais, Galicia é un referente estatal en canto á contención dos prezos públicos universitarios, cun modelo que o Ministerio de Universidades quere exportar ao

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

conxunto do Estado tal como se acordou na última reunión da Conferencia Xeral de Política Universitaria.

### **Matrículas de grao**

No caso das matrículas de grao, o prezo medio manterase por décimo primeiro ano consecutivo en 11,89 €/crédito, o que supón un aforro de 4,44 euros con respecto aos 16,33 €/crédito de media de España.

As de grao acaparan o 89,19% do total de matrículas do Sistema universitario galego, polo que con esta conxelación de taxas, un estudante galego de grao pode aforrar, con respecto á media de España, un total de 266,40 euros ao curso en matrículas.

### **Matrículas de máster**

No que atinxe aos máster, de cara ao vindeiro curso tamén se manterán conxeladas as taxas dos máster habilitantes e non habilitantes, tamén cun prezo medio de 11.89€/crédito.

No caso dos máster habilitantes (necesarios para exercer unha profesión), a taxa media de matrícula mantense nos 11,89 €/crédito (igual que os estudos de grao), cun aforro de 10,31 € con respecto ao prezo medio do Estado, que se sitúa nos 22,20 €/crédito. Isto fai que as familias galegas con fillos que cursen o vindeiro ano un máster habilitante nalguna das universidades galegas aforren unha media de 618,60 euros por curso en comparación coa media de España. As matrículas nesta modalidade representan o 3,79% do conxunto do sistema.

No caso dos máster non habilitante o prezo medio de Galicia tamén é de 11,89€/crédito, polo que o aforro medio para o vindeiro ano para un estudante galego será de 18,24€/crédito con respecto á media estatal (situada en 30,13€/crédito), o que sumará un aforro por alumno de 1.094,40€/ano. O alumnado que cursa este tipo de máster non habilitantes representa o 7,02% do sistema.

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# O CONSELLO DA XUNTA DÁ LUZ VERDE Á CREACIÓN DA NOVA FACULTADE DE TURISMO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Nela impartirase o grao de Turismo, o Programa de Simultaneidade entre este e Ciencias Empresariais e o máster universitario en Planificación e Xestión de Destinos e Produtos Turísticos

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á creación da nova Facultade de Turismo da Universidade de Coruña, o paso final do proceso de desadscripción iniciado pola UDC pola que a antiga Escola Universitaria de Turismo deixa de estar vinculada ao Centro Español de Novas Profesións (CENP). Deste xeito, a Universidade da Coruña poderá impartir estas ensinanzas nun centro propio. Ademais, a creación dun centro específico permite unha visibilidade das titulacións, o que repercutirá nunha maior inserción laboral dos egresados.

Nas instalacións da nova facultade impartirase o grao en Turismo, así como o Programa de Simultaneidade entre este e o de Ciencias Empresariais (que ata momento se impartía na facultade de Economía e Empresa). Así mesmo, ofertará o máster universitario en Planificación e Xestión de Destinos e Produtos Turísticos.

O proceso de creación da nova facultade iniciouse no 2019, coa aprobación por parte do Consello de Goberno da Universidade da Coruña. No 2020 autorizouse a desadscripción da Escola Universitaria de Turismo Centro Español de Novas Profesións (CENP) da Universidade da Coruña e, como paso intermedio, adscribiuse o grao en Turismo á facultade de Filoloxía. Tras o informe favorable da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), a aprobación do pleno do Consello Galego de Universidades e o visto e prace do Consello da Xunta, a creación da facultade farase oficial coa publicación do correspondente decreto no *Diario Oficial de Galicia*.

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA REFORZA A ESTRUTURA ESTRATÉXICA DA FP GALEGA COA CREACIÓN DE TRES NOVOS CENTROS INTEGRADOS

- O Consello da Xunta dá o visto e praxe á conversión en CIFP dos institutos Universidade Laboral (Culleredo), Leixa (Ferrol) e Fraga do Eume (Pontedeume)
- Esta transformación permite reforzar a oferta e establecer novas sinerxías co tecido socioproductivo da contorna
- Estes centros incorporan á súa oferta do vindeiro curso máis de 600 prazas en 18 novos ciclos, catro proxectos de dual e dous másteres de FP

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á conversión en Centro Integrado de Formación Profesional (CIFP) dos institutos Universidade Laboral de Culleredo, Leixa (Ferrol) e Fraga do Eume (Pontedeume). Deste xeito a Xunta de Galicia reforza a estrutura estratéxica da FP galega, aumentando ata 23 o número de CIFP dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para o curso 2021/22, fronte aos 11 que había en 2009.

Esta transformación permite potenciar a oferta e establecer novas sinerxías co tecido socioproductivo da contorna. Neste sentido, os centros integrados de formación profesional concíbense como instrumentos fundamentais para o establecemento dunha oferta de FP modular, flexible, de calidade e adaptada ás demandas da poboación e ás necesidades xeradas polo tecido productivo da súa contorna. Non en balde, estes centros incorporan á súa oferta do vindeiro curso máis de 600 prazas en preto dunha vintena de novos ciclos, catro proxectos de dual e dous másteres de FP.

Ademais, os CIFP son un recurso formativo de grande importancia para contribuír ao desenvolvemento do Sistema nacional das cualificacións e da formación profesional e á cualificación e recualificación das persoas ao longo da vida, mellorando as súas condicións de empregabilidade. Cómpre lembrar que as ensinanzas de FP acadan un nivel de inserción laboral superior ao 80%.

#### **Especialización en Actividades Físicas e Deportivas e Enerxía e Auga**

A conversión en centro integrado de FP do IES Universidade Laboral de Culleredo permite reforzar a especialización deste centro nas familias profesionais de Actividades Físicas e Deportivas e de Enerxía e Auga. De feito, a oferta do centro refórzase con oito ciclos ordinarios, catro proxectos de FP dual e dous másteres de FP, en total 330 prazas.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No réxime ordinario incorpórase o grao básico en Mantemento de Embarcación Deportivas e de Recreo, así como o de Acceso e Conservación en Instalacións Deportivas. Este último, xunto coa incorporación á oferta do novo ciclo de grao medio en Guía no Medio Natural e de Tempo Libre, contribúe a reforzar a especialización deste centro na familia profesional de Actividades Físicas e Deportivas, da cal imparte case a totalidade dos ciclos implantados en Galicia. Así mesmo, súmase á oferta deste centro en réxime ordinario o ciclo superior en Desenvolvemento de Proxectos de Instalacións Térmicas e de Fluídos.

No réxime modular para adultos, na modalidade presencial, incorpora os graos superiores en Ensinanzas e Animación Sociodeportiva e en Enerxías Renovables. Na modalidade a distancia, súmanse os graos superiores en Eficiencia Enerxética e Enerxía Solar Térmica e en Desenvolvemento de Proxectos de Instalacións Térmicas e de Fluídos. As incorporacións no réxime de adultos contribúen tamén a reforzar a especialización do centro na familia profesional de Enerxía e Auga.

Así mesmo, a conversión en CIFP contribúe a que este centro poida ofertar catro novos proxectos de FP dual, en concreto os graos superiores en Mecatrónica Industrial, Mantemento de Instalacións Térmicas e de Fluídos, Xestión da Auga e en Mantemento Electrónico.

Por outra banda, o centro oferta dous másteres de FP, o de Fabricación Intelixente e o de Modelado da Información da Construción (BIM).

### **Reforzo da familia de Sanidade e de Servizos Socioculturais**

A conversión en CIFP do IES Leixa de Ferrol redunda nun afondamento da especialización deste centro na familia profesional da Sanidade e de Servizos Socioculturais e á Comunidade.

O novo CIFP Leixa incorporará oito ciclos novos que suman 274 novas prazas. No réxime ordinario incorpora os ciclos de grao superior en Educación Infantil, en Animación Sociocultural e Turística e en Promoción de Igualdade de Xénero. Este último ofertábase ata o momento só nun centro de Pontevedra.

No réxime modular para adultos na modalidade presencial o centro incorpora o ciclo de grao superior en Hixiene Bucodental, mentres que na modalidade a distancia suma o ciclo de grao medio en Farmacia e Parafarmacia e os ciclos superiores en Deseño e Xestión da Producción Gráfica e en Integración Social.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por outra banda, en FP dual oferta o proxecto de dobre titulación en grao medio en Atención a Persoas en Situación de Dependencia e de grao medio en Coidados Auxiliares de Enfermaría.

### **Hostalaría e Turismo**

No caso do CIFP Fraga do Eume, apóstase pola especialización do centro na familia profesional de Hostalaría e Turismo, sumando a oferta do centro suma no réxime ordinario os ciclos de grao superior en Xestión de Aloxamentos Turísticos e en Axencias de Viaxes e Xestión de Eventos, é dicir, dous ciclos máis e 60 prazas novas.

Deste xeito, o centro ofertará todas as titulacións de grao medio e superior desta familia profesional, agás o ciclo superior de Guía, Información e Asistencia Turísticas, que se imparten noutro CIFP da comarca (o Rodolfo Ucha Piñeiro).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA IMPULSA A TRAVÉS DO PROGRAMA OPORTUNIUS TRES NOVOS CONTRATOS DE INVESTIGADORES GAÑADORES DE AXUDAS DO CONSELLO EUROPEO DE INVESTIGACIÓN (ERC)

- Coas incorporacións de Sara Varela, Mario Pansera e Javier Montenegro, a iniciativa conta xa con oito investigadores contratados e proximamente sumará un noveno
- O Goberno galego acorda destinar 520.000 euros a dous convenios co CSIC e a Universidade de Santiago de Compostela para seguir fomentando a actividade investigadora tanto de persoal finalista como gañador das axudas ERC
- O obxectivo destas iniciativas, enmarcadas no Oportunius, é reter e captar talento a través de investigadores excelentes para crear emprego de calidade e retornos en termos de coñecemento e competitividade científica e económica
- O Consello da Xunta tamén aproba a sinatura dun acordo de colaboración con Atiga por un importe de 354.500 euros para incentivar a transferencia de resultados do ámbito investigador ao mercado

A Xunta de Galicia, a través do programa Oportunius, impulsa a contratación de tres novos investigadores gañadores de axudas do Consello Europeo de Investigación (ERC) que se suman aos cinco xa contratados na actualidade.

Deste xeito, Galicia mantén o seu compromiso coa captación e retención de talento co obxectivo de favorecer a creación de emprego de calidade e mellorar a competitividade científica e empresarial. En concreto, incorporaranse Sara Varela, Mario Pansera e Javier Montenegro, que contan cunha Starting Grant cada un –o apoio dirixido ao persoal que ten entre dous e sete anos de experiencia tras rematar o doutoramento–. Engádense así a unha lista composta ata por agora por cinco investigadores: Diego Martínez, Elena Ojea, Jacob Copeman, Ashwin Woodhoo e Rubén Nogueiras. Ademais, en breve incorporárase un noveno contrato, xa que o *Diario Oficial de Galicia* vén de publicar unha nova praza que se atopa en proceso de selección.

Para poder consolidar o programa Oportunius, o Consello da Xunta –por proposta da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación– acordou hoxe aprobar a sinatura de dous convenios por un importe total de 520.000 euros para fomentar a actividade investigadora de persoal finalista e gañador nas convocatorias do ERC.

Así, destínanse 200.000 euros a un acordo de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación (Gain) –dependente da Vicepresidencia económica–, a Consellería de Cultura,

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Educación e Universidade, a Universidade de Santiago de Compostela e o Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) para que o persoal investigador finalista nas convocatorias do ERC que non obtivo financiamento poida mellorar os seus proxectos e incrementar as posibilidades de obter unha axuda en vindeiras convocatorias.

Por outra banda, resérvanse 320.000 euros para un segundo convenio –neste caso, entre Gain e o CSIC– que ten como finalidade apoiar a actividade do persoal investigador beneficiario destas convocatorias de axudas do ERC. En concreto, nesta ocasión, trátase do proxecto liderado por Felipe Criado, do Instituto de Ciencias do Patrimonio.

O programa Oportunius traballa arredor de tres liñas de actuación: a atracción da excelencia –captando, retendo e recuperando persoal beneficiario de bolsas do ERC–; o apoio á excelencia –dotando economicamente o persoal que supere a primeira fase de avaliación pero quede sen financiamento–; e o fomento da excelencia a través do estímulo á participación nos programas ERC por parte de investigadores con potencial.

Así, entre 2014 e 2019, este programa da Xunta de Galicia achegou máis de 3,1 millóns de euros en 15 apoios a investigadores finalistas e 10 apoios a gañadores; ademais, tamén se proporcionou formación e asesoramento individualizado a 126 candidatos para a preparación de propostas ás axudas do ERC.

Con este conxunto de medidas, preténdese reter e captar talento a través de investigadores excelentes para crear emprego de calidade e retornos en termos de coñecemento e de competitividade científica e económica. O programa Oportunius enmárcase en Talento 2021, impulsado pola Xunta de Galicia para apoiar arredor de 1500 profesionais en Galicia vinculados a actividades de I+D+i. Talento 2021 tamén inclúe accións como Principia, Talento Sénior, Ignicia ou as axudas aos investigadores para desenvolver a súa carreira predoutoral e posdoutoral.

### **Colaboración con Atiga**

Por outra parte, o Consello tamén acordou a sinatura dun convenio de colaboración con Atiga por un importe de 354.500 euros. O obxectivo da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación é incentivar a transferencia de resultados de investigación, de coñecemento e de capacidades tecnolóxicas dos centros tecnolóxicos ao mercado para acadar impactos positivos na competitividade das empresas galegas.

Trátase do quinto convenio asinado con Atiga, polo que se dá continuidade á colaboración iniciada no ano 2015 e que se materializa nun investimento total de 1,4M€

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

nesta entidade formada por Anfacó-Cecopesca, Aimen, CTAG, Gradient, EnergyLab, ITG e Cetim.

As principais liñas de actuación centraranse en fomentar a visibilidade e competitividade do Sistema galego de I+D+i, contribuír á formación do capital humano dos centros tecnolóxicos, favorecer a promoción e difusión de Atiga e consolidar e mellorar a fortaleza e competitividade dos centros tecnolóxicos galegos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO PARA DOTAR DE SANEAMENTO O NÚCLEO DE REBOREDO CUN INVESTIMENTO DE 400.000€

- Executarase unha rede de colectores que conducirán as augas residuais urbanas deste núcleo á estación depuradora da Laxe para o seu tratamento
- A Xunta achegará o 80% do orzamento, 320.000 euros, e executará as obras, mentres o Concello de Campo Lameiro contribuirá co 20% restante, achegando 80.000 €
- Os traballos teñen un prazo de execución de catro meses e serán financiados con fondos europeos do programa Feder de resposta fronte á pandemia
- O Goberno galego segue prestando apoio técnico e financeiro aos concellos nas súas responsabilidades municipais dun xeito eficiente e continuar mellorando a calidade da auga e da vida da poboación do medio rural

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración co Concello de Campo Lameiro para dotar de servizo de saneamento o núcleo de Reboredo, cun investimento de 400.000 euros.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, cofinanciará a actuación nun 80% coa achega de 320.000 euros. O Concello de Campo Lameiro contribuirá ao financiamento do 20% restante, destinando 80.000 euros.

Unha vez autorizado polo Executivo autonómico e asinado este acordo, Augas de Galicia estará en disposición de licitar as obras, que teñen un prazo de execución de catro meses. As obras serán financiadas pola Unión Europea, no marco do Eixe REACT UE do Programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da Unión á pandemia da covid-19.

A entidade local asume tamén a realización das xestións pertinentes para posibilitar a execución das obras, así como a recepción, mantemento e conservación das actuacións que se leven a cabo.

#### **Actuacións que se executarán**

Na actualidade o núcleo de Reboredo carece de sistema de saneamento municipal adecuado, contando unicamente cunha canalización de augas pluviais de recente

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

implantación. Esta situación incide de forma negativa na calidade de vida dos veciños e nas condicións ambientais da contorna.

Mediante o convenio autorizado hoxe polo Executivo autonómico, desde Augas de Galicia executaranse as obras necesarias para levar as augas residuais urbanas á estación depuradora existente na Laxe para o seu tratamento.


A actuación proxectada consiste na construción dunha nova rede con 1.386 metros de lonxitude total, formada por seis colectores de saneamento de augas fecais, con tubaxe. Os pozos de rexistro executaranse *in situ*, con cerco e tapa de fundición.

Con estas obras darase servizo a unha poboación de 65 habitantes para o ano horizonte de 2041.

O Goberno galego mantén o seu apoio técnico e financeiro aos municipios para que estes poidan prestar de xeito eficaz as súas responsabilidades nos servizos de saneamento e abastecemento, e continuar mellorando a calidade da auga e a calidade de vida da poboación galega no medio rural.

A continuación preséntase unha imaxe do proxecto construtivo da nova rede.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O número de beneficiados medra nun 13% e a contía recibida en máis dun 10% para estes concellos en comparación co período anterior

### **A XUNTA ELEVA A PRETO DE 1,25M€ A 12 CONCELLOS PARA FINANCIAR O SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR DE 5.060 NENOS DE 51 CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS**

- O Consello da Xunta autorizou a sinatura de convenios de colaboración cos concellos de Ames, Betanzos, Cangas, Ferrol, Gondomar, Lugo, Meaño, Mugardos, Muíños, Sada, Santiago de Compostela e Sarria, para subvencionar este servizo complementario durante os vindeiros dous cursos
- A Consellería de Educación destinou neste curso máis de 32M€ aos comedores escolares, unha contía que duplica o orzamento dispoñible en 2007, ao tempo que se incrementou nun 30% o número de alumnos beneficiados

O Goberno galego destinará preto de 1,25 millóns de euros a 12 concellos para financiar o servizo de comedor escolar dun total de 5.060 nenos de 51 centros educativos públicos nos vindeiros cursos 2021/22 e 2022/23.

O Consello da Xunta autorizou hoxe os convenios de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e os concellos de Ames, Betanzos, Cangas, Ferrol, Gondomar, Meaño, Mugardos, Muíños, Lugo, Sada, Santiago de Compostela e Sarria para a prestación do servizo de comedor escolar en 51 centros educativos, grazas ao cal se lles facilitará aos usuarios acceder a este servizo complementario durante os próximos dous cursos, case un 13% máis que os beneficiados nos cursos 2019/20 e 2020/21. A achega total da Consellería para estes convenios será de 1.247.869 euros (case un 10,55% máis que nos dous períodos anteriores) para estes concellos.

Coa autorización destes convenios a Xunta de Galicia reafirma o seu compromiso co mantemento deste servizo complementario educativo, de fundamental importancia para a conciliación da vida familiar e laboral.

No marco destes acordos de colaboración, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade subvencionará os menús dos comensais durante todo o curso escolar. Pola súa banda, os concellos comprométense á contratación da elaboración e servizo dos menús escolares, así como ao coidado e asistencia do alumnado durante as comidas.

#### **Centros beneficiados**

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
comunicacion@xunta.gal  
www.xunta.gal



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ao abeiro destes acordos, na provincia da Coruña a Consellería apoiará o servizo de comedor escolar dos concellos de Ames, Betanzos, Ferrol, Mugardos, Santiago de Compostela e Sada.

Así pois, no concello de Ames beneficiaranse deste acordo os usuarios de comedor escolar dos CEIP A Maía, Agro do Muíño e de Barouta, do CEP de Ventín e das EEI do Milladoiro, EEI A Igrexa e EEI Covas (estas dúas de nova incorporación neste convenio). No caso de Betanzos o centro beneficiado será o CEIP Francisco Vales Villamarín e en Mugardos benefíciense destes convenios os usuarios dos comedores dos CEIP Unión Mugardesa e Santiago Apóstolo.

Canto ao acordo co Concello de Ferrol inclúense os comedores do CPI Almirante Juan de Lángara y Huarte e dos CEIP Cruceiro de Canido, Recimil, Isaac Peral, Manuel Masdias, San Xoán de Filgueira, Esteiro, Pazos, Ponzos e A Laxe.

No caso de Santiago de Compostela o acordo beneficia os CEIP Apóstolo Santiago, Ramón Cabanillas, Cardenal Quiroga Palacios, Roxos-Villestro, Monte dos Postes, Mestre Rodríguez Xixirei, Fontiñas, Vite I e Raíña Fabiola. En Sada o acordo atinxe aos colexios de Sada y sus Contornos e Pedro Barrié de la Maza.

Na provincia de Lugo, os acordos para os vindeiros dous cursos inclúen os concellos de Sarria (para a Escola de Educación Infantil, EEI de Sarria) e de Lugo. No caso da cidade da Muralla, os centros beneficiados son os CEIP Albeiro, Anexa, As Mercedes, Illa Verde, Menéndez Pelayo, Luís Pimentel, Rosalía de Castro, Sagrado Corazón e Paradai.

En Ourense, o Consello da Xunta autorizou a renovación do convenio co Concello de Muíños para o servizo de comedor no CEIP Valle Inclán.

Na provincia de Pontevedra renovaranse os convenios cos concellos de Cangas, Gondomar e Meaño. No caso de Cangas atinxe aos comedores dos CEIP Nazaret, do Hío, Espiñeira-Aldán e A Rúa; en Gondomar inclúe os CEIP Souto Donas, Serra de Vincios, Xosé Neira Vilas e Chano Piñeiro; mentres que no concello de Meaño o convenio beneficiará os usuarios de comedor do CEIP Coirón-Dena.

Cómpre lembrar que, a maiores destes convenios autorizados hoxe, a Consellería tamén mantén acordos cos concellos de Oroso, Manzaneda, Pontearreas e Vilalba, que están vixentes ata o curso 2021/22.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No curso 2020/21 que acaba de rematar, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional destinou máis de 32M€ aos comedores de xestión propia, así como ao cofinanciamento dos comedores xestionados polos concellos e polas anpas.

Esta cifra supón duplicar o orzamento de 14,6 millóns que se destinaba en 2007 a este mesmo fin. Ademais, o número de prazas de comedores incrementouse en 16.987 desde o curso 2008/09, un 30% máis neste período.

### **Colaboración con concellos, anpas e entidades**

Os convenios autorizados hoxe con 12 concellos enmárcanse dentro da colaboración que a Xunta de Galicia mantén cun total de 16 concellos, a través dos cales financia os menús de 4.754 usuarios de 53 centros públicos. Así mesmo, destina axudas a anpas para a xestión de 138 comedores que suman outras 11.814 prazas.

Non obstante, a meirande parte dos comedores escolares en Galicia están xestionados por parte da propia Consellería, cun total de 417 que atenden 61.644 usuarios.

Cómpre lembrar que no caso destes comedores escolares, o 80,35% dos usuarios teñen o servizo totalmente de balde ou pagando tan só un euro, mentres que a contía máxima de 4,5 euros/día é aboada por un 14,42% dos usuarios. Esas cifras confirman que o servizo de comedor escolar en Galicia, baseado na renda familiar, é un dos sistemas máis xustos e asequibles para as familias de todo o Estado español.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA APOIA CON PRETO DE 700.000€ ÁS ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA PROMOVER A INSERCIÓN LABORAL DAS MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO**

- A convocatoria de axudas, que se publicará no DOG este mes de xullo, establece como obriga que un mínimo do 10% das participantes nos programas atopen un emprego
- A medida, que forma parte do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, inclúe apoios máximos de 100.000 euros
- Fináncianse itinerarios de inserción laboral e cursos de formación para o emprego e inclúense apoios específicos para facilitar a participación das mulleres nas actuacións
- Desde 2016 participaron nestes programas preto de 1.800 mulleres

A Xunta convocará este mes de xullo as axudas dirixidas ás entidades sen ánimo de lucro para apoiar a inserción laboral das mulleres vítimas de violencia de xénero. A Consellería de Emprego e Igualdade investirá este ano 680.000 euros para financiar programas encamiñados a favorecer a integración laboral destas mulleres, xa que un emprego é o primeiro paso para acadar a independencia con respecto do agresor.

Os apoios, que inclúen unha contía máxima de 100.000 euros por entidade (de media en cada edición deste programa adoitan ser beneficiarias unhas dez entidades), van dirixidos á posta en marcha por parte das entidades sen ánimo de lucro de itinerarios de inserción que inclúan un plan de acción personalizado para a busca de emprego, orientación profesional e asesoramento laboral, así como un acompañamento na busca activa de traballo e outras accións dirixidas a incrementar as posibilidades de inserción laboral das participantes. Tamén se financian iniciativas de formación para o emprego co fin de formar e capacitar as mulleres para o seu acceso ao mercado de traballo, así como actuacións de apoio á conciliación dirixidas a facilitar a participación das mulleres nas accións establecidas no seu itinerario de inserción sociolaboral e na formación para o emprego.

A Xunta, ademais, inclúe neste programa de axudas bolsas específicas para compensar determinados gastos en que se poidan incurrir por participar no programa e que incentive a súa participación nel.

A orde de axudas establece a obriga de acadar un mínimo do 10% de inserción laboral das participantes na iniciativa. Desde 2016 participaron neste programa un total de

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

1.766 mulleres. Esta medida que impulsa a Consellería de Emprego e Igualdade enmárcase nas accións incluídas por Galicia no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. As mulleres que viven ou viviron situacións de violencia de xénero precisan dotarse das ferramentas necesarias para incorporarse ao mercado de traballo e obter unha independencia económica, no caso de que no exista, polo que cómpre que as administracións públicas impulsen este tipo de mecanismos.

A Xunta, de feito, conta con outras accións dirixidas a favorecer a integración laboral das mulleres vítimas de violencia de xénero, como é a convocatoria de axudas publicada o pasado mes de xaneiro destinada ás entidades locais para a contratación de mulleres vítimas de violencia de xénero. Esta iniciativa, que conta este ano cun orzamento de 1,4 millóns de euros, convocouse por primeira vez en 2019 e desde entón un total de 135 mulleres acadaron un contrato de traballo. Na edición de 2021, contratáronse a 63 mulleres en 30 concellos galegos.

A Consellería de Emprego e Igualdade, ademais, está a deseñar da man do Diálogo Social novas medidas, a incluír no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, para apoiar e garantir o acceso ao mercado de traballo das mulleres que sofren violencia machista.

O Goberno galego, en definitiva, conta cun amplo abano de axudas para traballar a favor da igualdade e loitar contra a violencia de xénero, uns programas que este ano se reforzaron cunha partida económica de 30,2 millóns de euros, un 10,2% máis que o pasado ano.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DESTINA MÁIS DE 10M€ AOS PROGRAMAS INTEGRADOS DE EMPREGO COS QUE SE PREVÉ FACILITAR A OCUPACIÓN DE 4.000 PERSOAS DESEMPREGADAS**

- O Consello aprobou unha nova convocatoria dirixida á promoción destes programas de formación para o emprego por entidades locais e organizacións sen ánimo de lucro
- A nova convocatoria permitirá a celebración duns 40 programas de formación para o emprego que deben garantir polo menos o 35% de inserción laboral das persoas atendidas neles
- A Xunta reserva 2M€ a financiar actuacións dirixidas en exclusiva a mulleres desempregadas
- O Goberno galego quere potenciar proxectos innovadores que empreguen as novas tecnoloxías e avoguen por medidas de conciliación e estean vinculados ao territorio
- Desde 2009 cerca de 42.000 persoas participaron nos programas integrados de emprego en Galicia, nos cales se investiron 74 millóns de euros

A Xunta destinará máis de 10M€ a unha nova convocatoria dos programas integrados de emprego (PIE) que beneficiarán nesta anualidade a unha 4.000 persoas desempregadas para mellorar a súa formación e garantir a súa empregabilidade.

O Goberno galego pretende poñer en marcha con esta liña dotada con 10.080.000 euros con cargo a fondos finalistas do Estado, un total de 40 programas dirixidos cada un a 100 persoas desempregadas para facilitar a súa inserción laboral.

A convocatoria diríxese a entidades locais, xuntas ou agrupadas, e a organizacións con personalidade xurídica sen ánimo de lucro. Serán elas as que deseñen os PIE, que deben garantir, cando menos, a inserción laboral do 35% das persoas atendidas nas accións formativas desenvolvidas.

A orde da Xunta reservará 2 millóns de euros do total a financiar programas que se dirixan en exclusiva a mulleres desempregadas co obxecto de que reciban atención específica que lles dea acceso ao mercado laboral.

O mesmo que noutras políticas de emprego, a Xunta terá como destinatarias prioritarias, entre outras, tamén a persoas en risco de exclusión social, vítimas da violencia de xénero, menores de 30 anos, maiores de 45, persoas con discapacidade ou inmigrantes.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A formación financiable deberá formar parte do catálogo de especialidades do servizo estatal de emprego SEPE ou tratarse de formación para o emprego necesaria. A Xunta quere fomentar os proxectos innovadores que se caractericen pola utilización das novas tecnoloxías. Tamén as actividades que propoñan medidas de conciliación e que estean vinculadas co territorio onde se imparten.

O mesmo que en anteriores convocatorias, a Xunta ofrece bolsas de sete euros por día para a asistencia dos demandantes de emprego a estas formacións. E asume os custos salariais do persoal necesario para impartilas, así como de desprazamento do dito persoal, gastos materiais e técnicos, entre outros.

O obxectivo último dos PIE non é outro que a inserción das persoas atendidas. Neste senso exíxese que as entidades beneficiarias consigan que o 35% dos participantes nos programas sexan contratadas durante os 12 meses de execución do programa polo menos durante tres meses por conta allea, ou inicien no mesmo prazo ou nos 3 meses posteriores a esta formación unha actividade por conta propia ou formando parte como socios/as traballadores/as dunha cooperativa ou sociedade laboral por un tempo non menor de seis meses.

Os programas integrados de emprego deben poñer o foco en accións encamiñadas á información, orientación e asesoramento, formación nas especialidades do catálogo do Servizo Estatal de Emprego (SEPE), técnicas de motivación para o emprego e intelixencia emocional, habilidades sociolaborais, fomento da capacidade emprendedora, prospección laboral, formación para o emprego, práctica laboral e mobilidade xeográfica.

Desde o ano 2009 cerca de 42.000 persoas participaron en Galicia nos programas integrados de emprego, en que a contía investida case acadou os 74 millóns de euros. Respecto da anterior convocatoria, a Xunta elevou o orzamento dos 8,4 aos 10,08 millóns de euros, o que supón o 20%.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA INVESTIRÁ 450.000 EUROS NUN PROGRAMA PIONEIRO DE FORMACIÓN E MENTORIZACIÓN DE MOZOS E MOZAS PARA A TRANSICIÓN DA VIDA ACADÉMICA Á LABORAL

- *Trátase dunha iniciativa que conta coa colaboración das tres universidades galegas e da cal se poderán beneficiar este ano 350 mozas e mozos que acaban de rematar os seus estudos*
- *Durante tres meses recibirán asesoramento de expertos e desfrutarán de diferentes actividades, como visitas a empresas, para axudarlles a impulsar a súa rede de contactos e achegarlles máis oportunidades laborais*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou a sinatura dun convenio co Consorcio para o Desenvolvemento de Aplicacións para a Xestión Universitaria (Cixug) para poñer en marcha un programa pioneiro de formación e mentorización, desde o ámbito da educación non formal e co obxectivo de favorecer a empregabilidade da mocidade galega. O Goberno galego investirá 450.00 euros nesta iniciativa, cofinanciada pola Iniciativa de Emprego Xuvenil e polo Fondo Social Europeo, nunha porcentaxe do 91,89%, que este ano beneficiará a 350 mozas e mozos que acaban de rematar os seus estudos para facer posible unha efectiva transición da vida académica ao mercado laboral.

Con este acordo a Xunta procura traballar nun dobre obxectivo, por un lado, facilitarlle á mocidade unha completa programación con apoio directo de expertos, empresarios e profesionais con experiencia, que actuarán como mentores, para optimizar a procura de emprego e adquirir aquelas habilidades que máis se están a demandar. E por outro, amosarlles ás empresas todas as capacidades e o talento que posúe a xuventude galega.

Deste xeito, este mes de xullo está previsto abrir a convocatoria deste programa novidoso para a selección de participantes que, durante tres meses recibirán formación, asesoramento e desfrutarán de diferentes actividades, como visitas a empresas ou conferencias, para axudalos a impulsar a súa rede de contactos e achegarlles máis oportunidades laborais.

Neste programa pioneiro contarase tamén coa colaboración das tres universidades galegas para que esta transición estea de acordo non só coas demandas e coas necesidades laborais, senón tamén que se axuste á realidade académica. Así mesmo, o programa estará aberto á participación de máis entidades socias, empresas, asociacións empresariais ou clústeres, a través da sinatura dun modelo de adhesión como entidade colaboradora en materia de difusión e promoción do programa, achega de mentores e/ou colaboración nas actividades formativas e de capacitación.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As mozas e mozos participantes deben estar inscritos no Sistema nacional de garantía xuvenil.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA IMPULSARÁ A RAZA RUBIA GALEGA INCIDINDO NA MELLORA DA CARNE E DO LEITE EN BENEFICIO DE PRODUTOS DERIVADOS DE CALIDADE COMO O QUEIXO**

- O Consello da Xunta deu luz verde á sinatura dun convenio entre a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e Xenética Fontao para abordar un proxecto de innovación conxunto que ten como finalidade a recuperación das características de aptitude maternal (como, por exemplo, a produción láctea) desta raza
- En concreto, someterase a unha selección de vacas do rabaño de Rubia Galega do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo a diversas probas e análises para avaliar a calidade do seu leite, mentres dos becerros amamantados por elas se estudará a calidade do canal e da carne
- O proxecto inclúe a elaboración e valoración de queixos tradicionais *premium* e a escolla de animais de gandarías colaboradoras para -xunto cos elixidos do CIAM- promover a súa multiplicación futura mediante tecnoloxías reprodutivas como a fecundación *in vitro* ou a transferencia embrionaria
- A iniciativa contará cun investimento de 253.050 euros para obter resultados deica o 31 de outubro de 2023
- Con esta acción de cooperación, darase resposta tanto ás demandas do sector transformador -as denominacións de orixe dos queixos galegos- como ás dos criadores e gandeiros amparados pola IXP Ternera Gallega

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao convenio de colaboración que asinará a Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal) coa entidade Xenética Fontao para abordar conxuntamente o proxecto de innovación "Recuperación das características de aptitude maternal das vacas de raza Rubia Galega", enmarcado na convocatoria deste ano das accións de cooperación da Axencia para a implantación de proxectos piloto ou o desenvolvementos de novos produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías nos sectores agroalimentario, agrícola e forestal. Financiada ao abeiro do Plan de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, a iniciativa contará cun investimento total de 253.050 euros, dos cales 28.050 euros corresponden ao financiamento dos traballos que realizará Xenética Fontao. Canto á vixencia do acordo, prolongarase desde a súa sinatura ata o 31 de outubro de 2023.

Así, a acción de cooperación ten como finalidade a recuperación das características de aptitude maternal (como, por exemplo, a produción láctea) das vacas da raza Rubia Galega co fin de mellorar a calidade do canal e da carne dos becerros amamantados, así como de reducir o gasto na alimentación destas crías. Así mesmo, preténdese mellorar a

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

produción e as cualidades do leite producido de cara ao seu emprego en produtos tradicionais como o queixo. Cabe destacar que deste xeito se dará resposta tanto ás demandas do sector transformador -as denominacións de orixe dos queixos galegos- como ás dos criadores e gandeiros amparados pola IXP Ternera Gallega.

### Programa de actuacións

O proxecto de innovación desenvolverase en seis fases. Na primeira, realizarase un cribado de 50 vacas do rabaño de raza Rubia Galega do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM) a partir da información de marcadores xenéticos que permiten comparar as súas características de aptitude maternal cunha poboación de referencia internacional, mentres na segunda se inseminarán este medio cento de reprodutoras con seme de touros probados polas súas aptitudes maternas e avaliación xenómica de polo menos 40 descendentes, para comprobar o progreso xenético xeracional.

Na terceira fase, efectuarase unha segunda selección das 25 vacas con mellor aptitude maternal en función da produción láctea, de características morfolóxicas ou dos marcadores xenéticos, levando a cabo -a maiores- análises no Laboratorio interprofesional de análise do leite (Ligal). Na cuarta, elaboraranse queixos tradicionais *premium* empregando o leite destas 25 vacas, avaliando posteriormente as súas características organolépticas, sensoriais e nutricionais en comparación con outras pezas feitas con leite de raza frisoa.

Xa na quinta fase, determinaranse as características de calidade do canal e da carne duns 20 becerros procedentes das últimas 25 vacas seleccionadas por aptitude maternal, co obxectivo de avaliar o efecto do incremento leiteiro das nais tanto sobre o rendemento carniceiro das crías como sobre os atributos organolépticos e nutricionais da súa carne. Por último, farase unha preselección de 130 femias reprodutoras procedentes de gandarías colaboradoras de acordo cos caracteres maternas como a produción de leite, a facilidade de parto, a lonxevidade e a morfoloxía mamaria durante as dúas primeiras anualidades. Como cume do proxecto, aquelas que acaden un índice xenético máis alto constituirán -xunto coas do rabaño seleccionado do CIAM- a poboación de referencia para a base xenética dun núcleo de animais dos que se promoverá a súa multiplicación futura mediante biotecnoloxías reprodutivas como a fecundación *in vitro* ou a transferencia embrionaria.

### Proxecto de cooperación

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)





## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Canto ás obrigas das partes, a Axencia Galega da Calidade Alimentaria será a encargada de coordinar o proxecto a través do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, proporcionando os recursos humanos e os medios técnicos e científicos dispoñibles nas instalacións. Así mesmo, preseleccionará as femias de Rubia Galega no rabaño do CIAM e das gandarías colaboradoras con toma de mostras, colaborando con Xenética Fontao na realización das actividades de tipo reprodutivo nesas gandarías. Posteriormente, analizará os datos obtidos no proxecto e dará difusión aos resultados.

No que respecta a Xenética Fontao, como axente cooperante contribuirá na realización de tarefas de localización e preselección de femias de raza Rubia Galega pertencentes a gandarías colaboradoras e analizará os datos obtidos, procedendo a efectuar valoracións xenéticas e avaliación de caracteres así como medindo os marcadores moleculares. Así mesmo, encargárase de realizar as técnicas reprodutivas nas gandarías colaboradoras. Por último, colaborará na divulgación dos resultados da iniciativa.

Cómpre engadir que -dentro da Agacal- compételle ao CIAM o exercicio das funcións de investigación, innovación e transferencia, especialmente en todas as materias agrarias, incluídas a agricultura, a gandaría e os aproveitamentos do medio natural, desde os puntos de vista da produción, da conservación e mellora xenética, da sanidade e o benestar, e da industria agroalimentaria, de xeito compatible co medio e a biodiversidade agraria e no contexto dunha economía baixa en carbono. Canto a Xenética Fontao, cabe apuntar que ten entre os seus obxectivos particulares as actividades consistentes na realización de estudos e actividades de servizo en relación coa mellora xenética animal, a recollida, o mantemento e a distribución do material xenético, así como a prestación de servizos mediante o emprego de biotecnoloxía nos campos de sanidade animal e a produción agropecuaria.

Aínda que se trata da primeira colaboración entre a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e Xenética Fontao para impulsar a raza Rubia Galega, anteriormente si desenvolveron proxectos conxuntos dentro do programa de transferencia embrionaria da raza frisoa, que permitiron incrementar o valor xenético do rabaño de produción de leite do CIAM. Tamén levaron a cabo accións de transferencia e campos de demostración dirixidos ao sector gandeiro e a persoas mozas susceptibles de incorporación a explotacións gandeiras relativos á utilización da mellora xenética, ás técnicas reprodutivas (fecundación *in vitro* e transferencia embrionaria) e á utilización da información xenómica, co fin de incrementar a rendibilidade das explotacións leiteiras galegas.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA RETIROU NO PRIMEIRO SEMESTRE DESTE ANO MÁIS DE 1.700 NIÑOS DE VESPA VELUTINA NO MARCO DO PLAN POSTO EN MARCHA COS CONCELLOS**

- Un total de 300 concellos están adheridos este ano ao plan de loita contra esta especie, o que supón o 96% do total e 15 máis que o ano pasado
- O Goberno galego incluíu como novidade a aplicación "Controlvelutina", que se integra no servizo de comunicación de avisos por SMS do estado e resolución dos avisos e permite a súa xestión por parte dos efectivos de Seaga en tempo real desde o lugar onde está o niño

O Consello da Xunta informou hoxe do balance no primeiro semestre deste ano do programa galego de vixilancia e control fronte á vespa velutina no marco da colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp). Entre xaneiro e xuño o operativo da empresa pública Seaga encargada da encomenda retirou mais de 1.700 niños nos concellos adheridos.

Por provincias, destaca Pontevedra con 903 niños eliminados ou neutralizados seguida da Coruña con 656, mentres que en Ourense e Lugo se retiraron 85 e 73 respectivamente. Cómpre aclarar que dos máis de 4.400 avisos recibidos neste período –o 86% deles nas provincias da Coruña e Pontevedra–, máis de 1.700 se correspondían con niños inactivos, nuns 680 non procede actuación por tratarse doutras especies ou non visualizarse de forma directa e en máis de 200 tratábase de avisos duplicados xa comunicados por outros cidadáns. Cando se corresponden cunha urxencia ou son de risco especial por estar en lugares moi concorridos, derívanse aos servizos de emerxencia do 112 para a súa retirada inmediata.

O Goberno galego xa viña traballando desde 2014 nun programa de vixilancia e control para minimizar o impacto da vespa asiática na comunidade e, ante o aumento da súa presenza, decidiu redobrar os esforzos e actuar coa Fegamp coa posta en marcha dun Plan centralizado cunha solución homoxénea en toda a comunidade para frear o seu avance a través da colaboración cos concellos nas labores de retirada e extinción dos niños. A iniciativa púxose en marcha o ano pasado e permitiu actuar en 285 concellos coa retirada de 16.700 niños: 8.445 deles na provincia da Coruña, máis de 2.000 na de Lugo, máis de 1.300 en Ourense e case 5.000 na de Pontevedra.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Xunta tamén mantivo durante o estado de alarma decretado pola pandemia do coronavirus a atención dos avisos recibidos no 012 e os traballos por parte do operativo de Seaga cumprindo tódalas medidas de prevención ante a covid-19 establecidos.

Debido aos bos resultados acadados o ano pasado e unha vez rematada a vixencia da encomenda, o Goberno galego renovou a encomenda para eliminación e retirada dos niños activos, que neste exercicio conta con 15 concellos máis adheridos ao plan. En total, 300 municipios galegos, o 96% do total, tanto os 285 concellos que xa se uniran o ano pasado e os 15 restantes que amosaron o súa disposición en sumarse neste exercicio.

Ao igual que o ano pasado, contactarase por SMS coas persoas que comunicaron o aviso para informarlles da resolución e o equipo deixa constancia das intervencións realizadas cunha pegatina que indique a data da visita e informe de que os niños están inactivos.

Como novidade, no servizo de comunicación de resolución de avisos SMS intégrase a nova aplicación *Controlvelutina*, a través da que os efectivos de Seaga xestionan os avisos introducindo en tempo real os datos de xeolocalización e fotografías do niño, as observacións de cada caso e o resultado final.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DESTINA 760.000 EUROS ÁS TAREFAS DE VIXILANCIA E CONSERVACIÓN DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO

- Aos 360.000 euros investidos desde 2019 na encomenda a Seaga para estas tarefas de control da seguridade dos traballos de conservación integral dos camiños, súmanse outros 400.000 euros por 16 meses desde o 1 de agosto ata o remate do Xacobeo 21-22
- O orzamento da prórroga da encomenda inclúe un reforzo do persoal con tres novos efectivos que formarán parte dun equipo de oito persoas, así como a dotación do material necesario
- A ampliación de efectivos permitirá reducir en case a metade os tramos que debe vixiar cada unidade técnica, o que redundará nun traballo de maior calidade

O investimento da Xunta na encomenda do servizo de vixilancia e seguridade das actuacións de conservación dos Camiños de Santiago á empresa pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga), ascenderá a case 760.000 euros desde que se puxo en marcha o encargo en 2019 e ata o remate desde Xacobeo 21-22.

Así se recolle no informe do que deu conta hoxe o Consello da Xunta sobre as actuacións de conservación integral dos Camiños de Santiago en Galicia. Deste xeito, aos 360.000 euros destinados no último ano e medio aos traballos que realiza Seaga, sumarase un novo investimento de 400.000 euros cos que prorrogar a encomenda desde o 1 de agosto e por outros 16 meses ata o final deste Ano Santo Dobre.

Ante o previsible incremento de peregrinos no Camiño debido a este Xacobeo 21-22, considérase preciso ampliar o persoal destinado a estas tarefas nun técnico e dous vixilantes adicionais. Os Camiños de Santiago pasarán a contar cun total de oito persoas encargadas da súa conservación -tres técnicos e cinco vixilantes-, unha tarefa que ten asumida Seaga no marco do Plan Director e Estratéxico do Camiño de Santiago.

Ademais do financiamento do persoal, os 400.000 euros de orzamento para os próximos meses destinaranse tamén á dotación do material e ao equipamento necesario para desenvolver estes traballos ao longo deste Xacobeo.

#### **Reforzo ata 2022**

As unidades técnicas de Seaga continuarán ao longo de todo o Xacobeo co apoio técnico de control e vixilancia e coa dirección de execución e coordinación en materia de

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

seguridade e saúde nos traballos de conservación que se acometen nos diferentes trazados.

O reforzo do equipo que inspecciona o estado das rutas xacobeas suporá reducir nun 40% os tramos que deben controlar -cada unidade pasará de ter que encargarse de 574 quilómetros a vixiar 344-, o que redonda nun aumento da calidade do servizo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DESTINA 4,5M€ PARA IMPULSAR O AUTOCONSUMO A TRAVÉS DE 300 PROXECTOS DE FOTOVOLTAICA EN EMPRESAS, CONCELLOS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO**

- A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación abrirá o prazo de solicitude o 16 de xullo
- Agárdase mobilizar 14M€ e promover aforros anuais de 2,6M€, ademais dunha redución de emisións equivalente a plantar 350.000 árbores
- Con esta nova convocatoria, a Xunta pon este ano á disposición de familias, autónomos, empresas, administracións locais e entidades un total de 15,85M€ para fomentar o uso de enerxías renovables

O Consello da Xunta deu luz verde na súa reunión de hoxe á nova convocatoria para apoiar proxectos de fotovoltaica dirixidos a autónomos, empresas, concellos e entidades sen ánimo de lucro. Destina 4,5M€ cos que se prevé impulsar ao redor de 300 iniciativas, o que contribuirá a seguir fomentando o autoconsumo en Galicia.

As axudas, de concorrencia non competitiva e cofinanciadas con fondos europeos Feder, abriranse o 16 de xullo e contarán cunha intensidade do 80% para as entidades locais e sen ánimo de lucro, dun 30% para as pequenas empresas, do 25% para as medianas e do 20% para grandes compañías. A axuda máxima será de 40.000 euros no caso de empresas e concellos e de 25.000 para as entidades sen ánimo de lucro.

A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación prevé que estas axudas mobilicen arredor de 14M€ e que permitan aforros económicos anuais de 2,6M€ e enerxéticos de 20.000MWh/ano. Ademais, a redución de emisións de CO2 será equivalente a plantar 350.000 árbores.

Con esta nova convocatoria, a Xunta de Galicia mantén o seu compromiso co impulso das enerxías renovables, o que permite aos beneficiarios unha redución dos custos enerxéticos, co cal poderán dedicar os seus recursos económicos a outros fins. Contribuirán, por tanto, á mellora da competitividade, pero tamén á reactivación económica e á creación de emprego, ademais de favorecer a mellora ambiental que repercute na calidade de vida das persoas.

En total, o Goberno galego está destinando, este ano, 15,85M€ a apoiar o uso de enerxías renovables por parte tanto das familias como dos autónomos, empresas –especialmente pemes–, administracións locais e entidades sen ánimo de lucro.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Desde a Xunta tamén se está dando exemplo e, recentemente, o Consello aprobou a realización de proxectos de renovables nun total de 94 edificios da Administración pública autonómica nos cales investirán 6,05M€ e que permitirán aforros anuais de 400.000 euros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA RECLAMA TRANSPARENCIA AO ESTADO E OBXECTIVIDADE NA REPARTICIÓN DE FONDOS EUROPEOS, XA QUE GALICIA ESTÁ DEIXANDO DE RECIBIR 828 M€**

- O Consello da Xunta avaliou esta mañá o modelo de xestión do Goberno en relación cos fondos europeos e coa programación do Plan Nacional de Recuperación, Transformación e Resiliencia de España (PNRTR)
- Galicia recibe, dos fondos territorializados, tan só o 5,2%, o que supón 788,5M€ dos 15.082 asignados, porcentaxe que diminúe ata o 2% se se ten en conta a totalidade dos recursos previstos
- O Goberno reserva para xestión propia o 61% dos recursos, cando o compromiso inicial era destinar ás comunidades autónomas o 50%
- A Xunta alerta de que unha asignación deficiente de fondos pode condicionar a recuperación económica dos distintos territorios, o que choca co espírito dos fondos Next Generation pero tamén co propio PNRTR, que avoga pola cohesión territorial
- Preocupa a incerteza e falta de información arredor dos proxectos estratéxicos para a recuperación e transformación económica (Pertes), iniciativas de colaboración público-privada chamadas a ser un importante instrumento de cara á recuperación económica

O Consello da Xunta avaliou, na súa reunión desta mañá, o modelo de xestión que está a levar o Goberno de España con respecto á asignación de fondos europeos, así como a falta de transparencia na programación do Plan Nacional de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR). Así, á vista dos datos, a principal conclusión é que Galicia está resultando prexudicada xa que está deixando de recibir 828M€ entre a asignación dos fondos covid, REACT-UE e para sectores afectados (681M€) e os fondos territorializados vinculados aos Next Generation (147M€). Trátase dunha cantidade insuficiente para levar a cabo proxectos transformadores que impulsen a reactivación económica de Galicia.

Lonxe da previsión inicial, a Comunidade contará con 788,5M€ dos 15.082M€ territorializados, o que supón o 5,2%, é dicir, 147M€ menos en función da poboación axustada; porcentaxe que descende ata o 2% se temos en conta a totalidade (tanto os territorializados como os asignados para xestión propia do Goberno). Deste xeito, repítese o xa ocorrido en 2020 coa repartición dos fondos REACT-UE, en que se lle asignaron á Comunidade tan só o 4,4% dos recursos; ou cos diferentes fondos covid e os destinados a sectores afectados, o que supón, en conxunto 681M€ menos.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Administración xeral do Estado reserva o 61% dos fondos para xestión propia e só o 35% para xestión autonómica, cando as comunidades autónomas posúen competencias exclusivas e compartidas nas políticas de gasto máis importantes, polo que se entende que deben ter un maior peso na execución do Plan. De feito, o compromiso inicial era destinar o 50% ás comunidades.

O Consello concluíu que o proceso de planificación e deseño do sistema de xestión do PNRTR de España está a basearse en decisións discrecionais do Goberno que non reflicten o sistema de repartición de competencias das políticas de gasto nos diferentes compoñentes do plan, nin cumpre co principio de gobernanza multinivel. En definitiva, non hai ningún tipo de cogobernanza por parte do Goberno, nin a coordinación necesaria coas comunidades para o deseño das medidas e os criterios de repartición.

Deste xeito, estase a apostar por un sistema centralizado de acordo con conferencias sectoriais, na que cada unha actúa de xeito diferente, sen coordinación de criterios nin sendas financeiras homoxéneas. De feito, a Comisión sectorial de fondos só se reuniu unha vez. Isto deriva nunha falta de información e transparencia xeneralizada, en prazos moi axustados e en dificultades para executar os fondos. A Xunta subliña que unha asignación deficiente de fondos pode condicionar a recuperación económica dos distintos territorios, o que choca co espírito dos fondos Next Generation pero tamén co propio PNRTR, que avoga pola cohesión territorial.

Así, no eido industrial o Goberno xa comunicou a súa intención de non territorializar os fondos, polo que xestionaría de xeito centralizado máis de 12.000M€ para desenvolver proxectos industriais. No ámbito das infraestruturas e mobilidade sustentable resérvanse o 97% dos fondos, o que implica que as comunidades só recibirán 220M€, dos que lle corresponden 14,4 a Galicia, deixando pouca marxe ás iniciativas transformadoras proxectadas.

Do mesmo xeito, o Goberno galego lamenta que non se saiba máis da figura dos proxectos estratéxicos para a recuperación e transformación económica (Pertes). Trátase de iniciativas de colaboración público-privada, de carácter estratéxica e que exixen a cooperación entre administracións públicas, empresas e centros de investigación que van ser un importante instrumento de cara á recuperación económica. As incertezas e falta de información arredor destes proxectos, sumado aos anuncios de participación do Goberno en iniciativas sen trasladar os criterios, amosa descoordinación e improvisación.

Galicia agarda que non se siga discriminando á Comunidade, que elaborou unha candidatura seria e rigorosa cun total de 355 proxectos que poderían mobilizar

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

20.000M€ en investimento público-privado e favorecer a súa transformación económica e social.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA PLANIFICA MÁIS DE 7 MILLÓNS DE METROS CADRADOS DE SOLO EMPRESARIAL PARA ADAPTAR A COMUNIDADE ÁS NECESIDADES ACTUAIS

- Será a segunda modificación do Plan sectorial de ordenación despois da levada a cabo en 2018 e afectará un total 22 concellos de xeito directo ou indirecto
- A proposta, cuxo trámite ambiental dará inicio nas vindeiras semanas, prevé a creación de 6 parques empresariais e a variación da superficie actual doutros 12
- No momento no que se aprobe, o Plan sectorial incluirá 121 parques empresariais, cunha superficie que poderá chegar ata os 47 millóns de m<sup>2</sup>

A Xunta de Galicia está a planificar máis de 7 millóns de metros cadrados do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia (PSOATEG), co fin de adaptar o solo industrial ás necesidades actuais da Comunidade.

O Plan sectorial foi aprobado en 2014 e modificado por primeira vez catro anos despois, en 2018. Polo tanto, esta será a segunda modificación que se leve a cabo, algo do que foi informado hoxe o Consello da Xunta. Na actualidade, o PSOATEG inclúe 120 actuacións cun total de 46,1 millóns de metros cadrados.

A modificación que se propón agora, cuxo trámite ambiental dará inicio nas vindeiras semanas, afectará directa ou indirectamente un total de 22 concellos e a 18 superficies empresariais: en 6 casos créase unha nova superficie, 5 elimínanse respecto do Plan en vigor e 12 parques reaxústanse.

Cómpre lembrar que o Plan sectorial serve para planificar e localizar a superficie necesaria de solo empresarial de carácter supramunicipal e definir o territorio susceptible de acoller actuacións deste tipo para cubrir as necesidades a longo prazo. Así, o obxectivo da nova proposta é adaptar determinados ámbitos ás necesidades reais detectadas.

No momento en que se aprobe esta segunda modificación, o Plan incluirá un total de 121 parques empresariais, cunha superficie que poderá chegar aos 47 millóns de metros cadrados, onde a Xunta de Galicia é promotora de máis dun 40% do solo e máis de medio cento de actuacións.

#### **Ampliación de 1 millón de m<sup>2</sup> na Plisan**

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
comunicacion@xunta.gal  
www.xunta.gal



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No caso provincia de Pontevedra, salienta a inclusión de máis de 1 millón de metros cadrados da Plataforma loxística Salvaterra-As Neves (Plisan), que se atopan integramente no termo municipal das Neves e cos que este ámbito chegará ata os 4 millóns de metros cadrados.

En canto á cidade de Vigo, a Xunta inclúe no Plan sectorial o novo parque empresarial de Balaídos, cunha superficie de 236.423 m<sup>2</sup>, ao mesmo tempo que suprime os parques empresariais de Chan de Labrador e Matamá-Valadares.

A modificación tamén propón incluír Louredo, entre Mos e Redondela, cunha superficie de 498.273 m<sup>2</sup>; ademais de suprimir Chan de Cairón, no concello de Mondariz, para incorporar un novo polígono nunha localización diferente da mesma localidade, cun total de 144.545 m<sup>2</sup>. No caso de Pontecesures, aumenta lixeiramente a súa superficie ata os 309.097,10 m<sup>2</sup>.

Outros parques da provincia que se verán afectados, dous da Estrada: o de Toedo, que se ampliará ata os 161.720,91 m<sup>2</sup>, e da Cidade do Moble, que se reduce debido á afección da futura circunvalación do municipio, quedando a superficie modificada en 160.399,64 m<sup>2</sup>. E por último, no concello de Valga, redúcese o ámbito actual (718.751 m<sup>2</sup>) como consecuencia dunha sentenza do TSXG, pola que se procede á división do parque en dúas áreas, unha de 34.459 m<sup>2</sup> e outra de 186.718 m<sup>2</sup>.

No caso dos parques situados en concellos da provincia da Coruña, no municipio de Cabana de Bergantiños redúcese a superficie prevista, pasando dos 890.545 m<sup>2</sup> actuais a 270.882,99 m<sup>2</sup>. Mentres, en Cerceda suprímese o parque do lago de Meirama (1.416.257 m<sup>2</sup>) e inclúese un de 580.082,06 m<sup>2</sup> nas instalacións da central térmica, cunha pequena parte nos municipios de Carral e Ordes.

Pola súa banda, na Laracha, o polígono existente ampliarase ata dispor dunha superficie de 332.836 m<sup>2</sup> e no caso do das Pontes prevese a inclusión de dous novos parques empresariais.

### **Reaxustes nas provincias de Lugo e Ourense**

En canto á provincia de Lugo, os cambios afectan un total de tres superficies empresariais. Unha delas é a do Corgo, onde se reduce o ámbito, que abarcará unha superficie total de 201.703 m<sup>2</sup> ao descontar os terreos afectados pola autovía A-6 e un curso fluvial.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O segundo parque lucense modificado é o de Palas de Rei, onde se reaxusta o ámbito previsto co obxectivo de adaptalo ao plan de interese autonómico que se está redactando; a superficie rexistra unha leve redución, pasando dos 42.291 m<sup>2</sup> actuais a 39.926,57 m<sup>2</sup>. Por último, no Valadouro elimínase o polígono previsto actualmente para incluír unha nova localización, con 83.622,59 m<sup>2</sup>.

Na provincia de Ourense tamén se modifican as condicións actuais de tres parques. No primeiro caso, o do Barco de Valdeorras, elimínanse as actuais fases IV e V –que abarcan unha superficie global de 118.866 m<sup>2</sup>– por estar en zonas inundables e incorpóranse uns novos terreos noutra extensión, co que se obtén unha nova superficie ampliada ata os 186.912,45 m<sup>2</sup>.

No concello do Carballiño, amplíase o ámbito existente ata definir un total de 1.234.809,96 m<sup>2</sup> que abranguen na súa maior parte a Maside. E na mesma provincia, no Pereiro de Aguiar, engádase a ampliación da fase III, coa que se suman outros 194.016,93 m<sup>2</sup>.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DESTINARÁ MÁIS DE 1,5 M€ A AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE PUNTOS LIMPOS MÓBILES CO FIN DE RESPONDER AO ALTO NÚMERO DE SOLICITUDES**

- A nova convocatoria de axudas estará dirixida aos concellos de menos de 3.000 habitantes, que poderán acceder ao 100% do custo, cun máximo de 70.000 €
- Máis de 2,2 millóns de galegos contan cun punto limpo fixo a menos de 10 minutos do seu domicilio, polo que os móbiles aos que se dirixen especificamente estas subvencións veñen completar a rede autonómica
- A Xunta xa impulsou desde 2019, ao abeiro de dúas convocatorias, un total 43 proxectos de puntos limpos móbiles, grazas a un investimento de máis de 1,5 M€

A Xunta de Galicia convocará este mesmo mes unha liña de axudas única e exclusiva para axudar os concellos de menos de 3.000 habitantes a adquirir puntos limpos móbiles, co fin de responder ao elevado número de solicitudes presentadas en anos anteriores.

O Consello coñeceu hoxe o informe da orde de incentivos, que contará cun orzamento de máis de 1,5 millóns de euros para adquirir estes vehículos, o que supón un 57% máis que o importe adxudicado na anterior convocatoria.

Deste xeito, a Xunta concederá aos concellos solicitantes o 100% do custo da adquisición cunha contía máxima de 70.000 euros, no caso dunha solicitude presentada de xeito individual por un municipio. Se a solicitude é conxunta, ampliarase en 10.000 euros máis por entidade participante, ata un máximo de 100.000 euros.

Nesta ocasión, a diferenza de 2019 e 2020, restrínxense os posibles beneficiarios ás entidades locais que non superen os 3.000 habitantes, unha decisión xustificada pola necesidade de dar cumprimento ao Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2020-2022, que outorga prioridade a estes concellos por ser o punto limpo móbil a opción que mellor se adapta as súas características.

Así mesmo, a medida está xustificada polo contexto económico derivado da pandemia, que incrementa as dificultades que teñen os municipios con menor poboación para acometer investimentos.

Cómpre salientar que máis de 2,2 millóns de galegos contan cun punto limpo fixo –dos preto de 150 que existen– a menos de 10 minutos do seu domicilio, polo que os móbiles

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

a que se dirixen especificamente estas subvencións veñen completar a rede autonómica, co fin de que toda a cidadanía poida dispoñer do servizo.

De feito, a Xunta xa impulsou desde 2019, ao abeiro de dúas convocatorias, un total 43 proxectos de puntos limpos móbiles que beneficiaron máis dun cento de concellos, grazas a un investimento que superou os 1,5 millóns de euros.

Estas instalacións itinerantes permiten ampliar o servizo dun punto limpo aos cidadáns de concellos que carecen deste servizo, pola dificultade de asumir os custos de explotación; ou que dispoñendo dun punto limpo teñen dificultades de acceso pola distancia ou de transporte.

Polo tanto, o obxectivo da nova liña de axudas é mellorar e ampliar a xestión de residuos especiais de competencia municipal, co fin de favorecer a súa axeitada recollida, clasificación e preparación para a reutilización. De xeito paralelo, tamén se evita a proliferación de puntos de vertedura incontrolada nas contornas e espazos naturais.

Cómpre lembrar que os puntos limpos serven para a recepción e clasificación de residuos de orixe doméstica, como paso previo á súa xestión, entre os cales se inclúen aceites vexetais usados, téxtiles, voluminosos ou elementos eléctricos e electrónicos.

Na nova orde estableceranse catro modelos de vehículos subvencionables: un contedor/caixa metálica de gran volume —modelo que poderá ser elixido só se a entidade local dispón de camión adaptado con equipo de gancho para a súa carga e traslado—; un remolque e contedor metálico de gran volume —sempre e cando o concello dispoña dun camión adaptado para a súa carga e traslado—; un camión con caixa e chasis; ou unha furgoneta adaptada con diferentes contedores ou compartimentos.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O CONSELLO DE AVALIACIÓN DOCUMENTAL DA XUNTA AUTORIZOU A ELIMINACIÓN DE MÁIS DE 5.000 METROS LINEAIS DE DOCUMENTOS SEN VALOR DESDE A SÚA CREACIÓN

- O Consello da Xunta informa sobre a actividade deste órgano consultivo e de asesoramento que resulta determinante en relación cos documentos producidos, recibidos ou acumulados
- Ningún documento producido ou recibido pola Administración pode eliminarse sen o pronunciamento previo deste organismo
- Desde o ano 2016 recibíronse 68 propostas de avaliación documental procedentes da Administración autonómica, local e das universidades e ditamináronse favorablemente 63
- Enmárcase nos traballos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade no Plan de Arquivos para optimizar a custodia de documentación

A Xunta de Galicia autorizou nos últimos cinco anos a eliminación de máis de 5.000 metros lineais de documentación a través do Consello de Avaliación Documental de Galicia. Así se informou hoxe no Consello da Xunta, no que se deu conta da actividade deste órgano consultivo e de asesoramento constituído no ano 2016 que resulta determinante para as cuestións relativas á cualificación e utilización dos documentos producidos, recibidos ou acumulados no exercicio das súas funcións polas institucións, administracións e organismos públicos, así como polas empresas e entidades dependentes deles.

Entre as funcións deste organismo está a de pronunciarse sobre a cualificación e utilización destes documentos, sobre a integración, de ser o caso, desa documentación nos arquivos do Sistema de arquivos de Galicia; sobre o réxime de acceso no caso de documentos que deben ser obxectivo de conservación permanente e sobre o valor desa documentación. Deste xeito, a valoración que fai o Consello sobre os aspectos legais, administrativos, informativos ou históricos destes documentos resulta decisiva para a súa conservación, xa que ningún documento producido ou recibido pola Administración pode eliminarse sen o pronunciamento previo deste organismo.

Así, desde a súa posta en marcha, no ano 2016, o Consello de Avaliación Documental de Galicia recibiu por parte da Administración autonómica, local e das universidades 68 propostas de avaliación documental das cales 63 se resolveron favorablemente. Ademais, sometéronse a este órgano 43 peticións de eliminacións. Entre estas peticións, o órgano autorizou eliminar un total de 45.945 unidades de instalación que se

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

corresponden con máis de cinco quilómetros lineais de documentación sen valor que estaba sendo almacenada de xeito innecesario.

### **Nova ferramenta**

Ademais do traballo feito por este organismo, a Xunta, co gallo da celebración do Día dos Arquivos o pasado día 9, lanzou un novo instrumento con instrucións técnicas para guiar o persoal respecto da organización dos arquivos de xestión ou de oficina coa intención de concienciar da importancia de levar a cabo unha adecuada xestión destes documentos tanto para facilitar o traballo da Administración como para mellorar os dereitos de acceso da cidadanía e investigadores.

Tanto a guía presentada hai só unhas semanas como o informe sobre a actividade deste organismo forma parte dos traballos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para optimizar a custodia da documentación a través do Plan de Arquivos. As liñas do dito plan estanse ultimando grazas a un diagnóstico en máis de 1.000 locais destinados ao depósito documental da Xunta, que custodian algo máis de 164 km de documentación, dos que case 59 km corresponden aos servizos centrais e algo máis de 100 ás xefaturas territoriais.

As medidas do plan, que será presentado proximamente, permitirán optimizar a xestión arquivística da Xunta e afondarán na toma de conciencia de que unha adecuada xestión documental en orixe permitiría mellorar o servizo e tamén a liberación dunha parte do espazo, que ao longo prazo tería impacto directo no investimento preciso para o depósito de fondos documentais.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE APROBA O SEU PRIMEIRO PLAN DE IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES

- Representa o compromiso da sanidade pública galega de integrar medidas cara á igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, como principio básico e transversal incluído nos obxectivos da política da organización
- A día de hoxe, o 77,8% do total do persoal do Sergas son mulleres
- O documento, que conta co apoio de todas as organizacións sindicais con representación na Mesa sectorial de Sanidade, desenvolverase nos exercicios 2021-2024

O conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, informou o Consello da Xunta do I Plan de Igualdade entre Mulleres e Homes aprobado no Servizo Galego de Saúde. Con este documento, froito de dous anos de traballo, búscanse acadar medidas de integración do principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no Sergas, unha organización que conta cun 77,8% de mulleres.

O documento, que ten o apoio de todas as organizacións sindicais con representación na Mesa Sectorial de Sanidade (CIG, CCOO, CSIF, SATSE e UGT), reflicte o compromiso da sanidade pública galega de integrar medidas cara á igualdade de oportunidades entre mulleres e homes na organización, como principio básico e transversal incluído nos obxectivos da política do Sergas.

Os obxectivos deste I Plan de Igualdade para o persoal do Servizo Galego de Saúde son, por unha banda, promover a igualdade de xénero para acadar a igualdade real no trato e de oportunidades entre mulleres e homes e diminuír desigualdades e desequilibrios que, aínda sendo de orixe cultural e social, puidesen darse no Sergas. Tamén son obxectivos de formar, informar e sensibilizar sobre igualdade de trato e oportunidades, e sobre as necesidades específicas das mulleres e os homes, así como o de vixiar de forma especial a discriminación indirecta, entendendo por esta, a situación na que unha disposición, criterio ou práctica aparentemente neutros, pon a unha persoa dun sexo en desvantaxe fronte a persoas do outro sexo.

Para acadar estes obxectivos, o Plan establece seis eixos en materia de igualdade, tales como o acceso ao emprego público e provisión de prazas; as condicións de traballo e promoción profesional; a formación, información e sensibilización, e o tempo de traballo corresponsabilidade e medidas de conciliación da vida persoal, familiar e laboral. Completan a lista a atención a situacións de especial protección por violencia de xénero,

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

acoso sexual e discriminación por razón de sexo, orientación ou identidade sexual; e as medidas transversais para integrar o principio de igualdade na organización.

Estes seis eixos recollen un total de 59 medidas de actuación entre as cales se inclúen as de facilitar o cambio de quenda por motivos relacionados coa conciliación; actuacións específicas en caso de infrarrepresentación; a atención a traballadoras en situación de violencia de xénero; e o establecemento dun código de conduta baseado nos principios de igualdade.

O I Plan de Igualdade entre mulleres e homes no Servizo Galego de Saúde, que se desenvolverá nos exercicios 2021-2024, permitirá avanzar na sensibilización en igualdade do persoal do Sergas, que recibirá formación na materia, contribuíndo de xeito indirecto a conseguir unha atención sanitaria que integre o principio de igualdade.

O Plan acordado dá cumprimento ao establecido no artigo 67 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, e ao artigo 80 da Lei 55/2003, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA CREA UNHA APLICACIÓN INFORMÁTICA QUE PERMITIRÁ AOS GANDEIROS CALCULAR OS SEUS CUSTOS DE PRODUCCIÓN PARA MELLORAR A NEGOCIACIÓN DOS PREZOS DO LEITE**

- O Consello da Xunta avaliou un informe da Consellería do Medio Rural sobre esta ferramenta, denominada Conta Láctea, que se puxo en marcha en colaboración coa Fundación Juana de Vega no marco da Estratexia de dinamización do sector lácteo galego
- Esta app permitirá ademais aos produtores levar a contabilidade completa das súas granxas mediante unha web de uso sinxelo e intuitivo, na cal simplemente terán que darse de alta para controlar os principais parámetros financeiros da súa explotación

A Xunta desenvolveu unha aplicación informática, denominada Conta Láctea, que permite a un gandeiro comparar os custos da súa explotación leiteira cos resultados medios do sector e do seu estrato de tamaño. Ademais, esta ferramenta, creada ao abeiro da Estratexia de dinamización do sector lácteo, faille posible tamén levar a contabilidade completa da súa explotación. Esta app xa está rematada e permite determinar a un gandeiro o custo de produción de cada litro de leite da súa explotación, ademais de controlar outros parámetros da súa xestión económica, tal e como se explica nun informe sobre este asunto avaliado hoxe polo Consello do Goberno galego.

O obxectivo último desta ferramenta informática, creada pola Consellería do Medio Rural en colaboración coa Fundación Juana de Vega, é mellorar a posición dos gandeiros na cadea de valor do leite, dotándoos dun instrumento útil para negociar os prezos do seu produto e, de maneira xeral, mellorar a xestión das súas explotacións.

Así, esta aplicación será un instrumento de enorme utilidade potencial para as case 7.000 explotacións lácteas existentes en Galicia, para as entidades que actualmente desenvolven servizos de xestión económica e para as organizacións de produtores lácteos, xa que lles permitirá obter os custos de produción por litro de leite determinados de conformidade co establecido na normativa contable española, que poderán defender diante da industria para a negociación dos seus contratos.

Trátase dunha iniciativa totalmente novidosa, cun manexo sinxelo e intuitivo, que vai facilitar a xestión das explotacións e mellorar a posición dos produtores á hora de negociar os prezos do leite. Así, os gandeiros simplemente terán que darse de alta na

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

aplicación, achegando os datos básicos da súa explotación, para poder calcular variables como os custos de produción ou os prezos de venda.

A Consellería do Medio Rural presentou a finais de 2020, despois dun intenso labor cos diversos axentes da cadea de valor do leite, a Estratexia de dinamización do sector lácteo galego, na que se puxo de manifesto a necesidade de mellorar a transparencia da cadea mediante un estudo sobre os custos de produción en Galicia.

Para levalo a cabo, a Consellería e a Fundación Juana de Vega asinaron unha addenda de modificación e prórroga do convenio de colaboración para a coordinación, organización e funcionamento dos grupos de traballo sobre o sector lácteo creados por Medio Rural para elaborar a Estratexia de dinamización do sector lácteo galego.

No marco deste convenio, a Fundación Juana de Vega asumiu a elaboración dun estudo de custos das explotacións lácteas galegas representativo da realidade do sector leiteiro galego. Para iso foi preciso chegar a acordos con entidades que na actualidade están dando un servizo de xestión económica ás explotacións, para a cesión á Consellería do Medio Rural dos datos que xestionan.

Así mesmo, a Fundación Juna de Vega asumiu o compromiso de desenvolver unha aplicación informática que permitirá aos gandeiros comparar os seus resultados coa media do sector e do seu estrato de tamaño. Esa aplicación (Conta Láctea) ve agora a luz.

A continuación, Medio Rural desenvolverá diversas iniciativas para darlle difusión a este servizo entre os gandeiros. Así, organizará charlas explicativas e incluírá esta aplicación nos cursos de formación empresarial agraria para a incorporación de mozos. Así mesmo, facilitarase formación específica sobre esta app aos técnicos das oficinas agrarias comarcais e habilitarase un servizo para atender as consultas e dúbidas dos usuarios.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **PRETO DE 400 PROFESIONAIS DO MARISQUEO A PÉ PARTICIPARÁN NA RECOLLIDA ACTIVA DE LIXO EN GALICIA, O QUE SUPÓN O DOBRE QUE NO 2020**

- A Xunta subvenciona esta e outras accións ao abeiro da convocatoria de axudas para proxectos colectivos que contribúan á protección e recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas mariños mediante a recollida de residuos no mar
- A Consellería do Mar aprobou oito proxectos colectivos cun valor total de axuda de preto de 345.000 euros ao abeiro da convocatoria das achegas destinadas a este tipo de iniciativas
- Todos eles enmárcanse no plan MarLimpo da Consellería do Mar que busca contribuír a acadar un ambiente costeiro e mariño limpo e produtivo e unha redución da cantidade de residuos existentes nas zonas costeiras

A Xunta aprobou oito proxectos colectivos para a protección e recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas mariños mediante a recollida de residuos no mar ao abeiro da convocatoria de 2021 das achegas para este tipo de iniciativas. Unha das actuacións apoiadas no marco destes proxectos é a recollida activa de lixo mariño en Galicia que será realizada por preto de 400 profesionais do marisqueo a pé e cinco embarcacións. A cifra dos profesionais do marisqueo a pé duplica á dos que participan na recollida activa de residuos ao abeiro dos proxectos aprobados na convocatoria do ano pasado, o que reflicte a implicación do sector marítimo-pesqueiro no coidado do medio mariño.

Estas achegas, financiadas polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), están dirixidas ás confraría de pescadores, organizacións de produtores pesqueiros e outras entidades asociativas do sector en Galicia como as ONG en alianza coas entidades do sector ou conxuntamente cos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP). Así o reflicte un informe analizado hoxe no Consello da Xunta sobre a resolución da convocatoria deste ano, no que tamén se especifica que os oito proxectos seleccionados supoñen un valor total de axuda de preto de 345.000 euros.

A recollida activa de lixo apoiada nesta convocatoria realizarase no marco de sete proxectos que abarcan compensacións aos mariscadores a pé e á frota de artes menores por esta acción. A contía diaria no caso das embarcacións pesqueiras -para as empresas armadoras- será a correspondente aos ingresos medios da actividade pesqueira da frota de artes menores no trienio 2017-2019 en función da súa área xeográfica e do seu

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

arqueo. No caso do marisqueo a pé, a compensación terá en conta o nivel de ingresos medios da actividade no trienio 2017-2019 segundo a súa área xeográfica.

Unha destas sete iniciativas é da confraría de pescadores de Noia e denomínase Econoia II. Engloba a retribución por días de recollida activa de lixo mariño a 221 mariscadores a pé e accións como a presentación do proxecto e de concienciación como unha exposición. Tamén contén a elaboración de vídeos divulgativos. O valor de axuda para esta iniciativa é de máis de 195.600 euros para as anualidades 2021 e 2022.

Outro proxecto é conxunto e pertence ás confrarías de Muros e O Pindo. Abarca a compensación por día a 55 mariscadoras e mariscadores a pé polas tarefas de limpeza de residuos mariños e accións formativas e de sensibilización. O importe da achega desta iniciativa é de máis de 67.300 euros para este ano e 2022.

A Confraría de Cedeira ten un proxecto para o cal se prevé un apoio de preto de 23.600 euros para este ano. Inclúe a compensación por días a 18 profesionais pola recollida de lixo nos bancos marisqueiros desta entidade, o desenvolvemento dunha xornada formativa e material divulgativo, entre outras accións.

Na zona da ría de Ferrol, a confraría da cidade contará cunha axuda de preto de 3.000 euros para esta anualidade con compensación a dez persoas por día de recollida de residuos mariños. O proxecto do pósito de Mugar dos disporá dunha axuda de preto de 15.000 euros para este ano e inclúe a retribución a 47 profesionais do marisqueo a pé por días de recollida activa de lixo. Ademais, a Confraría de Barallobre ten un proxecto cun valor de axuda de arredor de 20.000 euros tamén para este ano e que abarca accións de recollida de residuos por parte de 34 profesionais do marisqueo a pé.

A confraría de pescadores de Vigo tamén conta cunha iniciativa de recollida activa de lixo que disporá de máis de 8.600 euros de apoio para 2021 e 2022 e que engloba tarefas de recollida de residuos con compensación por día a cinco persoas do marisqueo a pé e a cinco barcos.

Por último, un dos oito proxectos seleccionados é de recollida pasiva de lixo, o que implica que as embarcacións e profesionais da pesca e do marisqueo recollen os residuos que veñen a bordo nos aparellos durante as faenas ordinarias de pesca ou durante a actividade normal. Esta iniciativa é da Confraría de Cambados, a ela destínanse 12.000 euros de achega para o 2022 e abarca xornadas formativas a persoas mariscadoras e tripulantes de embarcacións, xornadas de sensibilización en centros

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

educativos e elaboración de material divulgativo, entre outras accións. Implica a máis de 200 profesionais do marisqueo a pé e máis de 260 embarcacións.

### **Plan MarLimpo**

Todos estes proxectos enmárcanse no plan MarLimpo da Consellería do Mar, co que se pretende contribuír a acadar un ambiente costeiro e mariño limpo, saudable, produtivo e bioloxicamente diverso e unha redución da cantidade de residuos existentes nas zonas costeiras. A través del tamén se busca que os sectores pesqueiro e marisqueiro integren nas súas operativas boas prácticas que contribúan á protección do medio mariño.

Súmanse ás seis iniciativas aprobadas por un importe total de máis de 275.500 euros na convocatoria de 2020 destas achegas, que se convocaron por primeira vez o ano pasado. Destes proxectos aprobados tres eran de recollida activa de lixo e incluían a recollida de lixo mariño por preto de 200 profesionais do marisqueo a pé e cinco embarcacións.

Tamén se engaden aos 57 plans de xestión de marisqueo que establecen entre os seus obxectivos a participación dos profesionais na recollida de lixo mariño. Esta cifra representa máis do 60% dos 94 plans aprobados no Plan xeral de explotación marisqueira 2021-2023.